



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Descrición Decreto: APROBACIÓN BASES PROGRAMA LECER

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Vista providencia deste Alcalde solicitando informe para aprobación das bases do programa Aula de Lecer de data 12/06/2020 no marco das competencias municipais indicadas no mesmo en relación có artigo 25 .2 o) da lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local .

Vistas as bases do programa remitidas polo CIM

“BASES DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN: AULA DE LECER 2020

As circunstancias que deron lugar ao decreto de Estado de alarma en España, declarado polo RD 463/2020 de 14 de marzo , así como a necesidade de continuar con medidas de protección e seguridade, para evitar contaxios e propagación do coronavirus, impediron a continuidade das clases no período educativo regulado.

Atendendo ás medidas excepcionais deste ano xeradas polo COVID-19, entendemos que hai actividades que este verán non se poderán organizar nin desenvolver.

:Esas mesmas medidas son as que levan ao Concello de Arzúa a variar o programa habitual de XOGARZÚA, como campamento de verán.e adaptamos dita actividade de verán ás circunstancias actuais, intentando dar una oferta atractiva para os rapaces e rapazas do concello e para os proxenitores, poñendo por riba de todo a seguridade sanitaria e o fomento da conciliación da vida laboral e familiar .. Porén, a necesidade de medidas de conciliación que axuden a familias que teñen que traballar ambos proxenitores (ou un só en caso de familias monoparentais) fan necesario que o Concello asuma o seu papel de garante da igualdade e de fomento da conciliación e desenvolva un programa de conciliación especial para afrontar a pandemia en período de verán, a AULA DE LECER.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

A necesidade de conciliar a vida familiar e laboral e o compromiso asumido pola CCAA galega e o Concello de Arzúa nesta materia con competencias que teñen fundamento na seguinte normativa :

.-Artigos 14 CE prohíbe discriminación por razón de sexao o 9.2 CE fai un mandamento expreso aos poderes públicos para promover as condicións para que a igualdade do individuo e agrupacións nas que se integra sexan reais e efectivas .

.-Artigo 4 a LO 1/1981 EEAA de Galicia que sinala que os poderes públicos promoverán condicións para que a liberdade e igualdade do individuos e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas removendo obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e faciliten a participación dos galegos na vida política, económica cultural e social .

.-O Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aprueba o texto refundido das disposicións legais da CCAA de Galicia en materia de igualdade sinala legais de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad (artigo 44 colaboración municipal en plans e programas autonómicos, artigo 95 promoción autonómica de medidas municipais de conciliación artigo 100 plan de programación de tempo nas cidades).

.- A lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, establece no artigo 3.3.e) que non se considera o exercicio de novas competencias "a realización de obras, axudas, adquisicións ou subministros de emerxencia a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á seguridade pública".

En consecuencia este concellos poderá promover o programa que se plantexa con motivación principal motivada e vinculada cos feitos xustificativos do estado de alarma e que ten como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus motivando no expediente que non se pon en risco a sostenibilidade financeira do Concello.

O número de participantes está determinado polas características destas, facendo especial fincapié nas medidas de control e prevención da transmisión do COVID-19.

O obxectivo do programa é facilitar a conciliación da vida laboral e familiar na volta á normalidade tras a pandemia do coronavirus, atendendo as necesidades das familiar e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

rapaces do Concello e as demandas de colaboración para fomento de dita conciliación no marco das competencias municipais indicadas anteriormente.

Este programa desenvolverase cun modelo de clase, onde as persoas participantes estarán sentadas nas súas cadeiras e mesas individuais, e coa separación axeitada, e traballarán desde un aspecto lúdico diversas temáticas. Non terán lugar xogos de contacto, mais si outro tipo de xogos e haberá saídas ao exterior.

O número de prazas por aula, axústase á normativa estatal e autonómica actual, mais podería ser modificada na Fase 3 ou con posterioridade pola Xunta de Galicia. Se a Xunta de Galicia establece un número menor ou maior de persoas por aula o Concello de Arzúa podería reducir ou ampliar a capacidade das aulas.

Estas bases están condicionadas a calquera modificación da normativa estatal, autonómica ou local, tanto sanitaria como de outra índole, pola que se poidan ver afectadas.

O Concello de Arzúa establece a posibilidade de suspensión temporal ou definitiva do programa ou modificación sustancial, no caso de ser necesario, ben por cuestións xurídicas ou fácticas.

1. PERSOAS USUARIAS: Terán acceso ao programa AULA DE LECER as e os menores empadroadas/os que teñan entre catro (escolarizados) e doce anos, ambos inclusive, na data de solicitude.

2. HORARIO: O horario do programa AULA DE LECER será de mañá, con posible entrada en diferentes horas, ás 08:45 e as 9:30 h, para facilitar a conciliación, e saída ás 13:15 e ás 14:00 h.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Aquelas familias que necesiten unha entrada en horario anterior ou unha saída en horario posterior deberán riscar o apartado e xustificar a necesidade.

A hora de entrada e de saída será a que se sinale na inscrición. Calquera cambio na hora de entrada deberá ser solicitado e autorizado polo CIM.

3. QUENDAS: O programa AULA DE LECER será desde o 1 de xullo ao 4 de setembro, e distribuirase en cinco quendas, cada quenda durará dúas semanas, agás a quinta que será só dunha semana. Os días festivos non haberá programa. Haberá que ter un grupo mínimo de 3 menores en cada quenda para que o grupo se realice.

- a. Primeira quenda: do 1 ao 15 de xullo, ambos inclusive.
- b. Segunda quenda: do 16 ao 31 de xullo, ambos inclusive
- c. Terceira quenda: do 3 ao 14 de agosto, ambos inclusive
- d. Cuarta quenda: do 17 ao 28 de agosto, ambos inclusive
- e. Quinta quenda: do 31 de agosto ao 4 de setembro.

4. REQUISITOS NECESARIOS: Para acceder ao programa é requisito necesario que se cumpran estas situacións, dada a peculiaridade de conciliación e redución de capacidades que xorde co COVID-19:

- 4.1 Que a/o menor que solicita a praza estea empadroad/a no Concello de Arzúa.
- 4.2 Que a nai ou o pai da persoa para a que se solicita praza estea empadroad/a no Concello de Arzúa, e a/o menor resida con ela ou el, no período da AULA DE LECER.
- 4.3 Que ambos proxenitores, ou no caso de familias monoparentais, a/o proxenitor custodio, traballen no horario da AULA DE LECER. Primárase no caso de superar o número de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

capacidade, a aquelas familias que traballen de maneira presencial sobre aqueles que realicen teletraballo.

Para acreditar o traballo dos proxenitores haberá que presentar un informe ou certificado de empresa na que sinala que a nai ou o pai vai traballar no período concreto para o que solicita o programa, e non estará en período de de vacacións, de baixa ou sometido a un ERTE ou ERE. Igualmente deberá sinalar se traballa de maneira presencial ou con teletraballo.

No caso de autónomos ou xente da agraria, deberán aportar unha declaración responsable nos mesmos termos.

4.4. Se non cumpre estes requisitos, pero necesita este programa, xa que non ten medios para conciliar, cubra a solicitude no apartado OUTRAS INCIDENCIAS, explicando o seu caso particular, e será chamado polo persoal técnico para analizar a súa situación.

5 . SAÚDE: Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á/ao menor ou menor (alergias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta o monitorado. De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.

Tomarase a temperatura aos menores na entrada da Aula de lecer. No caso de superar a temperatura fixada polas autoridades sanitarias para considerar compatible con COVID 19, a/o menor non poderá entrar na Aula e deberá cumprir os protocolos sanitarios establecidos.

MEDIDAS DE CONTROL E PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DO COVID-19

Para prever a posibilidade de contaxios do coronavirus valorarase pormenorizadamente a de participación, seguindo as seguintes medidas:

▣ **Garantizarse o cumprimento de protocolos de seguridade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.**

▣ **Os profesionais a cargo velarán: pola seguridade da actividade mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada nas instalacións, polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e tomarase o control da temperatura dos participantes.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

▮ **Os proxenitores ou titores dos participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que si alguén presenta sintomatoloxía asociada co coronavirus non acudirá e contactará co servizo encargado do Concello.**

6. AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER Á PERSOA USUARIA: Coa solicitude achegaranse os datos da persoa que está autorizada pola nai ou polo pai para recoller á/o menor, na AULA DE LECER. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller a/o menor a persoa solicitante.

7. DIVERSIDADE FUNCIONAL: O Concello reserva unha prazas para menores con discapacidade. É imprescindible que a discapacidade permita integrarse no grupo de traballo da AULA DE LECER

No caso de non seren cubertas, ampliarán o número de prazas xerais. Para optar a estas prazas, haberá que presentar o certificado de discapacidade superior ao 33%.

8. ORDE DE ADSCRICIÓN DE PRAZA: As preferencias para obter praza no caso de que non exista capacidade suficiente para tódalas solicitudes son as seguintes:

- 8.1 O criterio técnico do persoal do CIM para casos especiais.
- 8.2 Que ambos proxenitores, ou no caso de familias monoparentais o proxenitor custodio, traballen de maneira presencial.
- 8.3 Que un proxenitor traballe de maneira presencial e o outro de maneira de teletraballo.
- 8.4 Que se traballe de maneira de teletraballo.
- 8.5 A orde de inscrición.

9. CUSTO: Mantense o prezo de cada semana de 10 euros, polo que o custo da primeira, segunda, terceira e cuarta quenda, que duran dúas semanas cadansúa, será de 20 euros cada quenda, e a quinta quenda terá un custo de 10 euros, ao ser unha única semana.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

a) O programa de educación familiar poderá informar para a exención de cotas para tres menores. Para que lle sexa aplicable esta exención haberá que presentar o informe da educadora familiar.

b) As familias numerosas terán unha bonificación do 50% da cota. Para que lle sexa aplicable esta bonificación haberá que presentar a copia do título de familia numerosa en vigor.

10. PUBLICACIÓN: As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web e no taboleiro do Concello, a través do DNI ou NIE (riscados dous números) da persoa solicitante.

11. NORMAS: A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

a) Seguindo as recomendacións sanitarias, cando calquera menor ou persoa da súa familia/contorno teña síntomas de febre ou similares aos establecidos para o coronavirus, o/a menor deberá permanecer na súa casa, sen acudir á AULA DE LECER, durante a corentena marcada polas autoridades sanitarias.

b) No programa poderase tomar a temperatura aos menores e no caso de síntoma de febre, chamarase á persoa solicitante para que o pase a buscar e cumpra os criterios médicos establecidos para estes casos.

c) Dereitos das persoas usuarias:

- Bo trato por parte do persoal do servizo e das outras persoas usuarias do servizo
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Favorecer a súa participación no servizo.

d) Obrigas das persoas usuarias:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
 - Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
 - Entregar a documentación requirida.
 - Para a recollida das/os menores sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
 - Respetar as normas establecidas pola monitoraxe de cada aula, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
 - Non transferir a praza asignada.
 - Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e coas demais persoas usuarias.
 - No caso de falta de respecto e con outras persoas usuarias ou monitorado da Aula, comunicárase á persoa solicitante, por parte do monitorado a primeira vez. Se se repetise esta actuación, ou a primeira consistise nunha agresión, o monitorado fará un informe que trasladará ao persoal do CIM, para que poida analizar coa familia posibles solucións, entre as que se atopa, o suspender durante una semana ou varias a participación na AULA DE LECER, e incluso a baixa do mesma.
 - O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.
- e) Reunión informativa: Antes do inicio da AULA DE LECER haberá unha reunión informativa para as familias coa empresa encargada do desenvolvemento do campamento e o persoal do CIM. En principio terá lugar, o día 29 de xuño, en horario de mañá, no Edificio Multiusos. A hora será confirmada na páxina web do Concello. Poderá asistir por cada familia unha persoa, non tendo que ser a persoa solicitante.
- f) Renuncia a praza e devolución do importe: Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente non puidese asistir á actividade por causa médica, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito cun



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

informe médico e solicite a devolución da cantidade aboada, antes do inicio da actividade.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- a. Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante (nai ou pai)
- b. Fotocopia da tarxeta sanitaria da/do menor
- c. Informe da empresa ou declaración responsable da persoa en réxime de autónomo/ réxime especial, conforme a persoa solicitante traballa no período solicitado para a AULA DE LECER, e o fai de maneira presencial ou teletraballando.
- d. No caso de non autorizar a comprobar os datos no padrón municipal, deberán achegar o certificado de empadramento da ou do menor persoa empadroada/o no Concello de Arzúa.
- e. No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegar o informe do médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.
- f. No caso de solicitar a bonificación por familia numerosa, a fotocopia do título de familia numerosa en vigor.
- g. No caso de solicitar a exención da cota por participar en programas de educación familiar, é necesario o informe da educadora familiar do Concello de Arzúa.
- h. No caso de optar ás prazas reservadas para menores con discapacidade, a fotocopia do certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.

ESPECIAL ATENCIÓN:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

- É necesario cubrir todos os apartados da solicitude, e achegar toda a documentación que se solicita.
- Novidade: Cando ambos proxenitores formen unha unidade familiar (casados, ou parella de feito rexistrada na Xunta de Galicia) deberán cubrir e asinar AMBOS a solicitude, para que se poida ter en conta o feito de que ambos traballan. No caso de familias monoparentais (ben ao ser nai ou pai solteira/o, viúva/o, separada/o ou divorciada/o xudicialmente, ou que teñan convenio aprobado xudicialmente que determine que ten a custodia ou que lle corresponde o período vacacional no tempo da AULA DE LECER) basta a sinatura desa persoa.
- As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse por Sede electrónica do Concello de Arzúa, ou entregaranse no Rexistro municipal (1ª planta) ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. (Nota: Desde calquera rexistro municipal de España, ou rexistro autonómico ou estatal pode ser remitido ao Concello de Arzúa)
- Cubrir con especial atención o apartado de autorizacións para recoller á/ao menor. De non se facer así, soamente poderá ser entregada á persoa solicitante (nai ou pai)
- A persoa solicitante pode ser tanto a nai como o pai, e ambos os dous. Se soamente é cuberto por un proxenitor, soamente poderá ser recollido por esta persoa solicitante, no caso de non autorizar ao outro proxenitor
- As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web do Concello e no taboleiro do Concello.
- Calquera dúbida poden chamar ao CIM, 981 50.00.00 ext. 121, ou ben no correo cim@concellodearzua.com

PAGAMENTO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

As cotas pagaranse unha vez aparecido o DNI/NIE na lista de persoas admitidas, na que xa figurará a cantidade a ingresar. Sempre con anterioridade ao inicio da actividade a través do sistema de autoliquidación, que enviarase ao correo electrónico indicado na solicitude, e de non sinalalo, poderán recollelas, a partir do día 25 de xuño no rexistro do Concello.

O prazo máximo de pago, o 29 de xuño, unha hora antes da reunión informativa.

No caso de que alguén non pague en prazo, e a praza quede baleira, pasará a ocupar a praza a seguinte persoa que estea na lista e cumpra os requisitos e prioridades.

CALENDARIO

A) Preinscricións: Do 16 ao 19 de xuño, preferiblemente en Sede electrónica do Concello <https://sede.concellodearzua.com/opencms/es>

B) Publicación da lista de emendas de solicitudes: 23 de xuño.

C) Prazo de emenda de solicitudes: ata o 25 de xuño

D) Publicación da lista de persoas admitidas: 26 de xuño

E) Pagamento de taxas: Ata o 29 de xuño, 1 hora antes da reunión informativa.

F) Reunión informativa: En principio, o 29 de xuño, pola mañá.

Considerando o establecemento de prezo público e a necesaria e posterior contratación para o desenvolvemento do programa .

Visto informe de secretaría desta mesma data e as advertencias nel contidas, e visto informe fiscalización da interventora municipal de 12/06/2020 tendo en conta as consideracións nel sinaladas .

Polo presente en uso das facultades outorgadas a este Alcalde polo artigo 21.1m) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local , considerando a necesidade urxente ante a crise sanitaria do COVID de aprobación deste expediente para dar unha saída de conciliación vida familiar e laboral ás familiar do término municipal , e sen prexuízo da posterior ratificación do programa e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

establecemento do prezo público na Xunta de goberno local (organo con delegación plenaria no marco da Ordenanza xeral municipal de establecemento de prezos público) polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.-Aprobar o programa Aula de Lecer Arzúa tal como se recolle nos condierandos deste decreto condicionando a súa execución a verificación de existencia de crédito orzamentario e o cobro de prezo público a existencia dunha xustificación do mesmo e do seu importe nos termos indicados no informe de secretaria que consta no expediente:

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ó servizo CIM do Concello para publicidade do mesmo e inicio de prescricións así como para o cumprimento dos trámites indicados nos informes de secretaria e intervención .

TERCEIRO.- Someter este decreto a ratificación pola Xunta de goberno local unha vez completo o expediente para establecemento prezo público nos termos indicados nos informes de secretaria e intervención.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

O Alcalde - Presidente

Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)